

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES AS TELLEIRAS
CURSO: 1º BACHARELATO
MATERIA: Educación Física
DEPARTAMENTO: Educación Física
DATA: 12-05-2010

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
|--|---|
| 1ª avaliación | |
| B1.4.Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para mellorar o seu proceso de aprendizaxe, aplicando criterios de fiabilidade e eficacia na utilización de fontes de información e participando en ámbitos colaborativos con intereses comúns. | <p>EFB1.4.1.Aplica criterios de procura de información que garantan o acceso a fontes actualizadas e rigorosas na materia. CCL, CD</p> <p>EFB1.4.2. Comunica e comparte a información coa ferramenta tecnolóxica axeitada, para a súa discusión ou a súa difusión. CCL, CD</p> |
| B3.1.Mellorar ou manter os factores da condición física e as habilidades motoras cun enfoque cara á saúde, considerando o propio nivel e orientándoos cara ás súas motivacións e cara a posteriores estudos ou ocupacións. | <p>EFB3.1.3. Utiliza de forma autónoma as técnicas de activación e de recuperación na actividade física. CMCCT</p> <p>EFB3.1.4.Alcanza os seus obxectivos de nivel de condición física dentro das marxes saudables, asumindo a responsabilidade da posta en práctica do seu programa de actividades. CMCCT</p> |
| B3.2.Planificar, elaborar e pór en práctica un programa persoal de actividade física que incida na mellora e no mantemento da saúde, aplicando os sistemas de desenvolvemento das capacidades físicas implicadas, tendo en conta as súas características e o nivel inicial, e avaliando as melloras obtidas. | <p>EFB3.2.1. Aplica os conceptos aprendidos sobre as características que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable á elaboración de deseños de prácticas en función das súas características e dos seus intereses persoais. CMCCT</p> <p>EFB3.2.2.Avalía as súas capacidades físicas e coordinativas considerando as súas necesidades e motivacións, e como requisito previo para a planificación da súa mellora. CMCCT</p> <p>EFB3.2.3. Concreta as melloras que pretende alcanzar co seu programa de actividade. CMCCT</p> <p>EFB3.2.4.Elabora e leva á práctica o seu programa persoal de actividade física, conxugando as variables de frecuencia, volume, intensidade e tipo de actividade. CMCCT</p> <p>EFB3.2.5. Comproba o nivel de logro dos obxectivos do seu programa de</p> |

| | |
|--|---|
| | <p>actividade física, reorientando as actividades nos aspectos que non chegan ao esperado. CMCCT</p> <p>EFB3.2.6. Formula e pon en práctica iniciativas para fomentar o estilo de vida activo e para cubrir as súas expectativas. CMCCT</p> |
| 2ª avaliación | |
| B2.1. Crear e representar composicións corporais individuais ou colectivas con orixinalidade e expresividade, aplicando as técnicas máis apropiadas á intencionalidade da composición. | EFB2.1.2. Representa composicións ou montaxes de expresión corporal individuais ou colectivas, axustándose a unha intencionalidade de carácter estética ou expresiva. CCEC |
| B4.1. Resolver situacións motoras en diferentes contextos de práctica aplicando habilidades motoras específicas individuais ou de adversario/a con fluidez, precisión e control, perfeccionando a adaptación e a execución dos elementos técnicos desenvolvidos no curso anterior. | EFB4.1.1.Perfecciona as habilidades específicas das actividades individuais que respondan aos seus intereses. CAA, CSIEE |
| | EFB4.1.2.Adapta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e polas persoas adversarias, nas situacións colectivas. CAA, CSIEE |
| B4.2.Solucionar de xeito creativo situacións de oposición, colaboración ou colaboración-oposición en contextos deportivos ou recreativos, adaptando as estratexias ás condicións cambiantes que se producen na práctica | EFB4.2.1.Desenvolve accións que conduzan a situacións de vantaxe con respecto á persoa adversaria, nas actividades de oposición. CAA, CSIEE |
| | EFB4.2.2. Colabora con participantes nas actividades físico-deportivas nas que se produce colaboración ou colaboración-oposición, e explica a achega de cadaquén. CAA, CSIEE |
| 3ª avaliación | |
| B4.1. Resolver situacións motoras en diferentes contextos de práctica aplicando habilidades motoras específicas individuais ou de adversario/a con fluidez, precisión e control, perfeccionando a adaptación e a execución dos elementos técnicos desenvolvidos no curso anterior. | *EFB4.1.1.Perfecciona as habilidades específicas das actividades individuais que respondan aos seus intereses. CAA, CSIEE |
| | *EFB4.1.2.Adapta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e polas persoas adversarias, nas situacións colectivas. CAA, CSIEE |
| B4.2.Solucionar de xeito creativo situacións de oposición, colaboración ou colaboración-oposición en contextos deportivos ou recreativos, | *EFB4.2.1.Desenvolve accións que conduzan a situacións de vantaxe con respecto á persoa adversaria, nas actividades de oposición. CAA, CSIEE |

adaptando as estratexias ás condicións cambiantes que se producen na práctica

*EFB4.2.2. Colabora con participantes nas actividades físico-deportivas nas que se produce colaboración ou colaboración-oposición, e explica a achega de cadaquén. CAA, CSIEE

* Estes estándares trabállanse ao longo do todo o curso a través de distintos deportes, polo que consideramos, que aínda que non se impartiron os deportes previstos para a 3ª avaliación, os estándares si que se traballaron.

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|--|
| Avaliación | Procedementos: Distintas actividades teóricas e prácticas sobre os contidos impartidos. |
| | Instrumentos: Cuestionarios realizados na aula virtual do IES As Telleiras e retos prácticos. |
| Cualificación final | <ul style="list-style-type: none"> - Media aritmética das dúas primeiras Avaliacións - Sumarase a esa media ata 1 punto pola entrega de todas as actividades, que deben ser presentados de forma correcta e completa, as tarefas puntúanse sobre 10, a media das mesmas dará a porcentaxe que se obtén de ese punto (as tarefas teóricas 60% e os retos prácticos 40%. Para o alumnado que por motivos de saúde non fixo parte práctica durante o curso as actividades teóricas serán o 100%). 0 puntos se non houbo participación. - Obterá o aprobado o alumnado que acade como mínimo un 5 na nota final. - No caso de non aprobar a materia na convocatoria ordinaria, este alumnado terá a oportunidade de facer unha proba escrita extraordinaria no mes de setembro e de ser posible unhas probas prácticas. |
| Proba extraordinaria de setembro | Avaliarase ao alumnado sobre os contidos traballados na 1ª e na 2ª avaliación durante o tempo de clases presenciais. |
| Alumnado de materia pendente | Non hai alumnado coa materia pendente. |

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

| | |
|--|--|
| <p>Actividades</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Actividades de repaso dos contidos traballados na 1ª e 2ª avaliación a través de cuestionarios na aula virtual, “Primeiro cuestionario sobre Acrosport” e “Primeiro cuestionario sobre Bádminton”. - Traballo “Unha semana de traballo na casa” con actividades que puidera facer calquera na casa e seguindo as bases establecidas. - Actividades de recuperación: o alumnado coa 1ª avaliación suspensa deberá facer a actividade de reforzo que está na aula virtual no tema 3 “Reforzo da 1ª avaliación”. As cuestións deberán estar ben feitas e completas para poder dar a avaliación por recuperada. De ser así, terase en conta para a media unha nota máxima de 5 puntos. |
| <p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p> | <ul style="list-style-type: none"> - O traballo a realizar preséntase a través da aula virtual, coa que xa se viña traballando desde o inicio do curso e a través do correo @telleiras.org e do Drive. - As actividades serán cuestionarios na aula virtual, no caso dos contidos teóricos, e a través de gravacións para os retos prácticos. - O alumnado poderá resolver posibles dúbidas a través do correo electrónico. - Cando se suspenderon as clases presenciais, nun primeiro momento, había algún alumno/a non conectado, pero isto xa se solucionou de modo que a día de hoxe xa non hai alumnado sen conectividade. |
| <p>Materiais e recursos</p> | <p>Na aula virtual do IES As Telleiras, no tema correspondente, están os documentos necesarios, elaborados pola profesora, e enlaces a outros recursos que o alumnado debe consultar para realizar as actividades propostas.</p> <p>As actividades que o precisan teñen unha guía para a súa realización.</p> |

4. Información e publicidade

| | |
|---|---|
| <p>Información ao alumnado e ás familias</p> | <ul style="list-style-type: none"> - As distintas actividades están na aula virtual do IES As Telleiras. - Información a través de mensaxes por Abalar ás familias. - Información ao Titor/a correspondente cando se detectou falta de traballo. - As dúbidas e aclaracións que puideron xurdir ao alumnado foron respondidas por correo electrónico ao alumn@. - A adaptación da Programación Didáctica do Departamento de Educación Física que recolle este documento farase chegar ao alumnado e ás súas familias subindo o pdf a aula virtual do IES As Telleiras e enviando unha mensaxe por Abalar informando de que está á súa disposición nesa plataforma. |
| <p>Publicidade</p> | <p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p> |